

ROGO DE AER DE “REDONDELA A UN CLICK”

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

Recentemente, o Concello de Redondela ven de ter a iniciativa de achegar toda a información cultural a aqueles veciños que así o desexen, sen máis que proporcionando o seu correo electrónico, polo que recibirán información dende a Concellería de Cultura dos eventos culturais dos que teñan constancia neste departamento. Esta iniciativa denomínase "A programación cultural a un click" e ven a demostrar que é posible manter informados aos veciños de Redondela dun xeito económico e sinxelo. Por este motivo rogamos que se faga extensiva esta iniciativa a tódolos eidos e departamentos do Concello de Redondela, informando á veciñanza mediante o correo electrónico de todo tipo de información de interese: cultural, mocidade, muller, licitacións, ofertas públicas, procedementos diversos, exposicións públicas, etc. Esta iniciativa ben se podería denominar "O Concello de Redondela a un click".